



---

**LÁZARO LORENTE, Luis Miguel (2021).** *La ‘nueva Atenas’ del Mediterráneo. Vicente Blasco Ibáñez, cultura y educación populares en Valencia (1890-1931).* Valencia: Institució Alfons el Magnanim, 640 pp. ISBN: 978-84-7822-868-3.

---

O profesor Luís Miguel Lázaro, estudioso desde hai catro décadas dos procesos de educación popular desenvolto con acentos anarquistas e republicanos, en particular nos espazos valenciano e catalán, entréganos nesta súa obra unha acabada presentación da figura do escritor, publicista e masón Vicente Blasco Ibáñez, quen tivo un grande protagonismo na acción socio-cultural en Valencia (mais non só) entre os finais do século XIX e durante as tres primeiras décadas do século XX. Todas as persoas e lectores que non tiveran un contacto próximo con anteriores achegas de Luís M. Lázaro terán ocasión de descubrir aquí a esta magna figura, un algo prometeica no ámbito da educación e da cultura popular.

O escritor “é un personaxe en exceso complexo como para permitir unha doada

asimilación simplista da súa traxectoria vital, da súa obra e do seu pensamento” (p. 13). Un personaxe que —a causa do seu republicanismo democrático, do seu laicismo e da súa defensa de intereses sociais populares— foi silenciado ata os avanzados e máis recentes anos 80, a pesar do vigor da súa extensa e valiosa obra de creación literaria, tan frecuentemente mutilada polos censores franquistas. Foi silenciado o director de prensa, o impulsor dunha intensa acción editorial, o promotor de abondosas iniciativas de educación e de cultura, o impulsor de redes socio-políticas orientadas á superación da España política caciquil e aristocrática, a tal punto, dí Lázaro (p. 16) de “ser vertebrador dun proxecto político con aspiracións inequívocas de cambio e modernización social” de orientación republicana, liberal e anticlerical, “despreciado pola esquerda nacionalista e obreira”.

Estamos ante unha monografía que ten moito de “historia local” —que non localista—, con moitas compoñentes metodolóxicas microhistóricas, que trascende o plano local para situarse nun alargado escenario hispano, trazada con excelente criterio de articulación narrativa, combinada coa riqueza erudita, que se expresa en particular nas 1900 notas (con frecuencia extensas) de rodapé que acompañan aos lectores e lectoras ao longo das algo máis das 600 páxinas de texto principal; notas que son explicativas, informativas e de basamento bibliográfico e documental.

Unha monografía asentada sobre un moi amplo caudal de fontes e de bibliografía secundaria que, probablemente mellor que outras, nos axuda a captar o que o republicanismo político (burgués) ‘rexeneracionista’ significou na España

da Restauración desde o punto de vista educativo e cultural, arredor da triada lacismo—neutralismo—racionalismo e en relación coa creación de plataformas ao servizo da educación e da cultura popular. Sen dúbida recoñecemos, adecuadamente, o que significaron o turnismo e os seus actores no plano cultural e educativo; tamén o que significou o movemento obreiro coas súas organizacións de clase, mais, alén do significado da ILE —de certo conciliada con este republicanismo— este, na súa vertente política e neste plano de acción cultural, vén estando ‘lastrado’ na historiografía educativa por perfís máis imprecisos, sobre os que aquí se arroxa unha potente luz.

Faise a través da figura de Blasco Ibañez e do achegamento global á súa actividade de impulso de proxectos culturais e educativos; como unha vía para lograr que Valencia puidera ser a nova “Atenas do Mediterráneo”, a través de toda a rede social, política e institucional que coñecemos como o blasquismo, con esteos na organización política republicana (Partido de Unión Republicana Autonomista, PURA) que foi maioritaria no goberno municipal da cidade entre os anos 1901 a 1911 e desde 1915 a 1923; na prensa, mediante o diario *El Pueblo*; na rede de casinos, de escolas laicas e de bibliotecas populares —en todo caso, con algunha minusvaloración da esfera das escolas e centros de educación públicos—; na Universidade Popular e mediante o movemento editorial desenvolvido desde Valencia (“a través de F. Sempere y Cía. Editores” e de “Prometeo”), mais tamén desde Madrid e aberto a Hispanoamérica, e por fin contando igualmente coa tribuna parlamentaria, ao ser Blasco Ibañez deputado republicano

radical lerrouxista (1898—1905). A monografía, cunha ollada holística, analiza as claves e o alcance histórico efectivo dun ambicioso proxecto de educación popular que pretendía “configurar en Valencia unha alternativa educativo-popular ao modelo hexemónico da Restauración” (p. 29).

Examínase no primeiro capítulo, titulado “*Los emisarios de Belcebú*. La escuela laica como alternativa social y pedagógica”, o que historicamente se entendeu como “escola laica”: percíbese unha certa heteroxeneidade de usos e entendementos arredor das palabras escola laica, escola neutra e escola racional. Desde unha educación anticlerical, contraria tanto á información relixiosa católica e á formación dogmática, en certo modo militante contra a relixiosidade católica, pasando por unha escola plenamente distanciada desta información e formación, pero tolerante e non militante, ata unha escola e unha educación (*ferrerista*) que ‘constrúe’ raciocinios positivos, científicos e éticos que permiten sobordar calquera plano relixioso.

Desde a tradición republicana expresada desde os anos setenta do século XIX en España (Ruíz Zorrilla, Salmeron, Pi i Margall) xunto co principio da liberdade de ensino, viña a reivindicación da escola obrigatoria, gratuita e tamén laica, que debía garantir e proporcionar o Estado, disposta para ser unha escola nacional e de todos (ricos e pobres), en contradición, pois, coa “escola confesional”. O profesor Lázaro presenta neste capítulo panorámicamente estas cuestións e os seus perfís históricos e definitivos, sinalando que o diario *El Pueblo* demandaba “unha escola laica”, que non podía ser “nin indiferencia nin sectarismo” —como indicaba Jean

Jaurés—, propugnado a substitución da indoctrinación católica por unha educación moral de signo spenceriano (unha relixión da humanidade ou do libre pensamento) aberta, pois, á perspectiva ferrerista. Así, a educación debería ser integral e racionalista, baseada na coeducación, intuitiva e non libresca, recoñecedora do valor formativo das excursións e dos paseos escolares, coa conveniencia de xeralizar institucións complementarias como as colonias escolares, as cantinas e as mutualidades escolares. É bo sinalar que o código pedagóxico que así se define desde a orientación republicana no século XX inclúe tamén a supresión de premios e castigos coa derivada dos exames públicos de fin de curso, aspecto este que non asume o republicanismo blasquista, xa que ao ser partidario da creación de escolas laicas era partidario igualmente de poder mostrar en público na convocatoria anual as boas *performances* destas escolas fronte ás escolas confesionais.

No capítulo segundo, “*El siglo de los Venerables Hermanos. Masonería, libre-pensamiento, republicanismo y educación*”, examina o autor a influencia da masonería e do Libre Pensamento na expansión do laicismo escolar racionalista en Valencia e en Barcelona. A masonería marca o nacemento das primeiras escolas laicas valencianas, sendo unha delas a Escola Moderna, estritamente ferrerista, que baixo o impulso dos mestres Samuel Torner e José Casasola “actuou como escola de referencia para outras escolas racionalistas, a través das revistas *Humanidad Nueva, Escuela Moderna e Humanidad*” (p. 87). Falamos de escolas laicas, que se desenvolven con modestia económica, pero con suficiente adecuación didáctica,

preocupadas, ademais, polos problemas sociais da contorna e pola súa formación cívica do seu alumnado. A masonería e o impulso particular de Blasco están igualmente presentes no nacemento da Universidade e da Biblioteca populares, por máis que sexa “difícilmente determinable, dado que non é doado establecer se as iniciativas se toman movidos pola súa condición de masóns ou de republicanos” (p. 92). Un conxunto de institucións, que no caso valenciano mostran unha forte compoñente anticlerical e que, por outra parte, suscitou algunhas críticas desde o ‘laicismo escolar anarquista’, neste caso dado o anticapitalismo desta corrente, non compartido polos republicanos (burgueses), aínda existindo unha confluencia evidente entre masóns, librepensadores, republicanos e anarquistas, fronte ao clericalismo e o autoritarismo.

O terceiro dos capítulos, “*Una escuela laica vale por todos los casinos*”. La educación en el proyecto político y en la práctica del republicanismo valenciano”, permite coñecer os debates, propostas e accións que se levan a cabo desde os gobernos municipais valencianos no ámbito da creación escolar pública, ao tempo que as enerxías republicanas se concentran — ante as dificultades na acción pública—na creación de escolas laicas, sobre a estrutura dos casinos republicanos, ás que se lle concederon distintos apoios económicos municipais. Dentro dos plans de acción municipal vanse resolvendo algunhas graves problemáticas que afectan igualmente á saúde, alimentación e hixiene infantil; procédesse á graduación paulatina dunha parte do parque escolar, pero faltou, como en tantos lugares, un programa decidido de construcións escolares, como

por exemplo o que se poñía en marcha en Barcelona. Chamo a atención sobre o recorrido analítico que realiza Lázaro sobre estas cuestións entre o político e o escalón da administración local, por ser asunto e tratamento transferible a tantas capitais de provincia españolas ao longo do primeiro terzo do século XX: problemas, dificultades e arranxos.

Forma parte do capítulo unha coidada aproximación histórica ao escenario valenciano de asociacións, sociedades e casinos como ámbitos de sociabilidade: “unha sociabilidade reforzada e modelada pola paulatina construción dun determinado imaxinario social de signo radical-progresista” (p. 223), no que interveñen as escolas laicas, o fomento da lectura e outras iniciativas de educación de adultos, para construír a concienciación das clases populares. “É, nese humus cultural e asociativo, no que cobra vida, forza e sentido, o proxecto republicano de avanzar na progresiva xeralización da educación popular” (p. 223). Examina Lázaro a trama asociativa popular da cidade en varios momentos: máis dun cento de sociedades culturais e recreativas, ademais das chamadas “de resistencia” federadas na Casa do Pobo, as que formaban parte do sindicalismo católico e as femininas, entre elas as 31 de corte obreiro, e a Acción Feminina Republicana blasquista. En 1933 a cidade conta con 29 casinos republicanos, coa centralidade desde 1914 da “Casa da Democracia”, como Centro Instrutivo: os casinos teñen unha triple componente recreativa, de socialidade e instrutiva/cultural. Dedicada as pp. 236 a 302 a presentar breves recorridos pola creación e desenvolvemento dunhas 25 escolas laicas, situadas na capital e en varios núcleos da

provincia, abordando ademais, a problemática estatutaria do seu profesorado, o contraste con Barcelona, e as dificultades para o seu recoñecemento coa chegada da II República.

A acción republicana estendeuse igualmente á educación de adultos, como podemos ver no capítulo 4º. Realizarase a través da Universidade Popular. A este respecto, o autor detense na clarificación oportuna do nacemento das Universidades Populares, observando para iso o caso francés, como modelo que aquí se seguiu, recorre os datos referidos ás primeiras Universidades populares creadas en España (Oviedo, Valencia, Madrid, Sevilla, A Coruña...), e analiza a historia valenciana entre 1903 e 1928. Foi a disolución do Ateneo, que fora fundado en 1870, o piar no que asentou a creación desta Universidade Popular, xunto ao proxecto dunha Escola de Estudos Superiores. A apertura dos cursos e conferencias complementárase coa edición de folletos cos textos das conferencias pronunciadas sobre asuntos de interese social, en primeiro lugar os relacionados coa saúde e coa medicina e obsérvase que a estas actividades acode, ademais, un público obreiro, a diferenza do que sucedía coas actividades de Extensión Universitaria, onde era habitual o uso dunha linguaxe e de referencias con marcas de elite, ausentes, en troques, nas actividades da Universidade Popular. Andando o tempo tamén a Casa da Democracia e a Agrupación Socialista de Valencia organizarán programas de conferencias con similar preocupación.

A creación da Biblioteca Popular de Valencia é motivo de atención: *o pan da alma*, dirá Blasco. Luis Miguel Lázaro encadra esta creación no contexto das

bibliotecas populares en Europa e nos EEUU. Existían as bibliotecas universitarias e ao longo do XIX creáronse en España as bibliotecas provinciais, concebidas case como arquivos de documentación provincial, e algunhas outras por parte de sociedades profesionais ou de espírito católico, pero non era isto o que podería suscitar unha cidadanía lectora. Había que aproximar ás xentes do común ao cultivo da lectura: con obras literarias actuais e con outras de divulgación, instrutivas e de consulta. Non era isto o que preocupaba ás elites socio-económicas, nin tampouco aos sectores eclesiásticos, pero si a aqueles que pretendían a reforma social. En 1916 a Biblioteca popular da Casa do Pobo, Casa que existía desde 1905 por impulso de concelleiros republicáns e que dispoñía de varios milleiros de libros que foran de Blasco Ibañez, será declarada Sección popular da Biblioteca Universitaria de Valencia, ampliando a súa capacidade de acollida e de distribución de libros: en 1925 dispoñía de máis de 15000 títulos con 27000 volumes. Lázaro detense sobre o seu contido xeral e sobre os hábitos lectores que se derivan da bibliografía existente referida á presente cuestión.

Por último, dedica o autor un último e amplo capítulo (case 150 pp) á acción editorial que se desenvolve desde Valencia baixo o constante impulso intelectual de Blasco Ibañez, que acreditaba, como Zola, en que *la vraie bombe c'est le libre*: sempre coa vontade de achegar a lectura ás clases populares e de renovar en profundidade a vida española. A finais de 1894 pon en marcha *El Pueblo*: a prensa como instrumento de formación. Aí mesmo introduce os folletíns e publica unha boa parte da súa obra literaria, pero en 1901, asociado

co libreiro de lance Sempere logra por en marcha unha auténtica división editorial, con diversas coleccións e centos de títulos editados en algo máis de dúas décadas.

Non carecía Valencia de editores con varias coleccións literarias apreciáveis antes de 'chegada' de Blasco, como Lázaro pon de relevo, ao tempo de pasar revista a algúns grandes editores naqueles momentos: Casa Hernando, Calleja, Lázaro Galdiano e Renacimiento en Madrid; Maucci, Montaner y Simon, Granada y Cía ou Henrich y Cía en Barcelona. Sempere y Cía, denominación que se mantén ata que se crea a de "Prometeo" en 1914, será a innovadora iniciativa valenciana. Literatura —coa aposta por valores contemporáneos pouco coñecidos—, filosofía, manuais de ciencias, pensamento sociolóxico e político —que permite ter, por exemplo, toda a literatura da corrente anarquista—, historia, pedagogía...o mundo ideolóxico, positivista, literario e cultural francés, a novela ilustrada e a obra de Blasco: 31 títulos narrativos, de viaxes e articulismo con case un millón de exemplares editados en 1926...En 1909 son os editores que máis número de títulos poñen no mercado en España. Luis Miguel Lázaro danos conta dalgunhas das interioridades deste proceso editor: como a editorial tomaba coñecemento de orixinais a editar ou traducir, os e as tradutoras que a Editorial debía ter a disposición para un proceso industrializado e que esixía rapidez, a produción de libros a precio módico. É unha empresa comercial, introducida nos circuitos de mercado, pero "está totalmente impregnada dos referentes que aparecen nas revistas culturais finiseculares; os pensadores e filósofos progresistas e radicais europeos —que conformaban

a mentalidade das elites progresistas da burguesía europea—que a editorial valenciana se propón difundir entre amplas capas sociais” (p. 552), mediante tiradas masivas e a baixo prezo, propiciando a socialización da “cultura democrática” fronte á ideoloxía oligárquica e conservadora católica.

Unha monografía valiosa e sólida, rica en contido e esixente desde o punto de vista historiográfico, pola que o profesor Luís Miguel Lázaro merece os parabéns.

*Antón COSTA RICO*  
*Universidade de Santiago de Compostela*